

CARTA DE DEREITOS DO POVO GALEGO



Promove e edita:

Via Galega

Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais da Galiza

**CARTA
DE DEREITOS
DO POVO GALEGO**

1 PREÁMBULO

Cumpríndose 100 anos do *Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo*, dirixímonos a todos os pobos do mundo para que saiban o que hoxe aquí proclamamos:

Sendo Galiza unha nación e o pobo galego un suxeito político diferenciado titular de dereitos colectivos, recoñecéndose así polo *IX Congreso de Nacionalidades Europeas* (1933), adscrito á *Sociedade das Nacións*.

Lembrando que o pobo galego se foi conformando historicamente, ao longo de séculos, como un grupo humano diferenciado social e politicamente, vivindo períodos históricos nos que desenvolveu libremente a súa personalidade colectiva, actuando como entidade política, mais tamén outros -igualmente dilatados- nos que, sometido ao ditado e a intereses alleos, viu negada a súa capacidade de actuar libremente.

Tendo presente que Galiza resistiu ao longo dos séculos todos os intentos de asimilación lingüística, cultural e política, que foi capaz de conservar todos os elementos que a conforman como pobo, que mantivo a vontade de existencia política e que foi quen de desenvolve-la para se conformar como nación (aspirando a escribir novas páxinas da súa historia, de prosperidade e de liberdade).

Salientando que as galegas e os galegos, con perseveranza e vontade política, souberon ir conformando a conciencia e os instrumentos necesarios para a Galiza actuar no mundo como nación libre e con plenos dereitos.

Considerando que todos os pobos nos que a humanidade se agrupa son suxeitos de dereitos colectivos indispensábeis para a súa existencia, benestar e desenvolvemento integral, do mesmo modo que todas as persoas somos suxeitos de dereitos individuais que adoitan realizarse no marco de pobos concretos a respecto dos cales cada persoa se identifica.

Evidenciando que o respecto efectivo dos dereitos individuais implica o respecto dos dereitos colectivos dos pobos, razón pola que negarlle a un pobo os seus dereitos políticos é negarllos tamén a todas e cada unha das persoas que o integran.

Recoñecendo que, entre outras normas internacionais, a *Carta das Nacións Unidas*, o *Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais* e o *Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos* afirman a importancia fundamental do dereito de todos os pobos á libre determinación, en virtude do cal estes determinan libremente a súa condición política e perseguen libremente o seu desenvolvemento económico, social e cultural.

CARTA DE DEREITOS DO POVO GALEGO

viagalega

Sostendo que outro mundo en chave de progreso só é posíbel recoñecendo que todos os pobos somos iguais e que temos dereito a decidir para logramos a nosa emancipación desde a igualdade, a xustiza social e a sustentabilidade ecolóxica.

Afirmando que a reivindicación da soberanía que nos corresponde como pobo para construír unha sociedade nova, baseada na xustiza social, só ten sentido desde a igualdade real e plena de quen a conforma, mulleres e homes que nacen libres e iguais en dereitos e deberes.

Proclamamos, por lealdade ao mellor da nosa tradición histórica, así como aos intereses colectivos das galegas e dos galegos de hoxe en día e por compromiso co seu futuro, os dereitos colectivos que como nación nos corresponde defender e que figuran recollidos na presente **CARTA DE DEREITOS DO POBO GALEGO**.

2 DEREITOS

Dereito á existencia

O pobo galego ten dereito a existir como colectividade social e política coas súas propias características e a non se deixar asimilar por ningún outro, nun mundo plural e diverso formado por pobos que deben ser iguais en dereitos.

O pobo galego ten dereito a se afirmar como nación e a se identificar como tal co seu propio nome: Galiza.

O pobo galego ten dereito ao respecto da súa identidade nacional e a resistir e se rebelar fronte a calquera ofensa aos seus dereitos, liberdades e garantías ou calquera tentativa de asimilación.

Dereito de autodeterminación

O pobo galego ten dereito a decidir libremente o seu futuro como nación que quere contribuir á construción dun mundo mellor, xusto e solidario.

O pobo galego ten o dereito imprescritíbel e inalienábel á libre determinación, nos termos establecidos no Dereito Internacional e sinaladamente na Carta das Nacións Unidas, para

decidir democraticamente o seu estatuto político con toda liberdade e sen ningún tipo de inxerencia externa.

O pobo galego ten dereito, se os seus membros democraticamente así o decidiren, a se tomar nun Estado soberano que represente o conxunto da cidadanía sen ningún tipo de discriminación e asegure o respecto efectivo dos seus dereitos e liberdades fundamentais.

Dereitos e liberdades

O pobo galego reconece e defende que todas as persoas que o conforman teñan a mesma dignidade social e sexan iguais ante a lei.

O pobo galego establecerá unha carta de dereitos e liberdades para toda a poboación e desenvolverá medidas específicas que garantan o seu pleno exercicio.

As mulleres e homes que conforman o pobo galego non poden ser obxecto de ningunha forma de violencia ou discriminación sexual, física, política, ideolóxica, reprodutiva, psicolóxica, económica, raza, idade, lingua, orixe, relixión, laboral, instrución ou simbólica.

CARTA DE DEREITOS DO POVO GALEGO

Dereitos económicos

O pobo galego ten dereito exclusivo sobre as súas riquezas e recursos.

O pobo galego ten dereito de se dotar dun sistema económico que sirva para o seu desenvolvemento e garanta o benestar social de quen o conforma.

O pobo galego ten dereito a ver garantida a preeminencia do interese comunitario sobre os intereses privados en todas aquelas materias que afecten ao modelo socio-productivo galego, a sustentabilidade ambiental, a cohesión social e a planificación do territorio.

O pobo galego ten dereito a exercer os seus dereitos económicos respectando a solidariedade entre os pobos do mundo e tendo en conta os seus respectivos intereses en condicións de igualdade e equidade, a través dunhas relacións internacionais xustas, baseadas no beneficio mutuo, en que o comercio non sexa considerado un fin en si mesmo senón un medio de vida dos pobos, garantindo o benestar social co seu uso equitativo, responsábel e sustentábel.

Dereitos sociais

O pobo galego ten dereito a poder satisfacer as súas necesidades materiais e humanas, garantíndose o seu benestar social e a posibilidade de realizar as súas aspiracións colectivas.

O pobo galego ten dereito a vivir do seu propio traballo e a que este sexa xustamente remunerado, establecéndose as condicións necesarias para que se poida vivir e traballar dignamente na propia Terra, en beneficio do conxunto da súa poboación, e para que se poidan exercer os dereitos de liberdade sindical, negociación colectiva e folga, na defensa dos seus intereses económicos e sociais.

O pobo galego ten dereito a adoptar as medidas necesarias que garantan a protección social completa da súa poboación e os coidados que precisen todas as persoas que estean en situación de necesidade, de modo que aseguren a súa autonomía e a súa integración e participación na vida da comunidade, en condicións dignas.

Dereitos culturais

O pobo galego ten dereito a usar, preservar e promover a súa propia lingua e cultura, contribuíndo así ao seu enriquecemento e ao de todo o conxunto da humanidade.

O pobo galego ten dereito a usar o galego, como lingua nacional de Galiza, en todo momento e en todo lugar e a velo plenamente normalizado e socialmente vivo, de modo que sexa a lingua vehicular das relacións sociais en Galiza e un medio para explorar e aproveitar integramente a súa dimensión internacional, mantendo relacións privilexiadas cos países da lusofonía.

O pobo galego ten dereito a desenvolver unha cultura viva e vizosa, a aproveitar plenamente as múltiples potencialidades creadoras que ten, e a que as producións culturais

actúen para o desenvolvemento social, preservando as súas mellores tradicións culturais, divulgadas e empregadas como base para a creatividade presente e futura.

O pobo galego ten dereito sobre as súas riquezas culturais, garantindo a súa conservación e o uso e disfrute do seu patrimonio artístico, histórico, arqueolóxico, etnográfico e científico.

O pobo galego ten dereito á cultura e a unha educación en galego, pública, gratuíta e de calidade, inspirada nos valores propios da tradición cultural galega e nos principios da igualdade, solidariedade, tolerancia, pluralismo ideolóxico e laicidade.

O pobo galego ten dereito a participar no progreso científico e técnico como parte da innovación e do patrimonio común da humanidade.

Dereitos ambientais

O pobo galego ten dereito a desfrutar dun medio ambiente saudábel.

O pobo galego ten dereito á conservación, protección e mellora do seu medio natural, da súa biodiversidade e da súa paisaxe, garantindo así a sustentabilidade e o futuro do planeta.

O pobo galego ten dereito a que toda actividade económica, pública ou privada, estea suxeita ao interese comunitario na preservación dos recursos naturais, facendo un uso e planificación de tales recursos en beneficio

das xeracións presentes e futuras e evitando a sobreexplotación e degradación da natureza.

O pobo galego ten dereito a establecer as políticas que sexan necesarias para un desenvolvemento urbanístico sustentábel e adaptado a cada tipo de asentamento poboacional, no que se garanta o acceso a unha vivenda digna.

Dereito á memoria para ter futuro

O pobo galego ten dereito a recuperar a súa memoria colectiva, a coñecer a súa propia historia e a se recoñecer nela.

O pobo galego ten dereito a socializar e a difundir, como calquera nación no mundo, á súa historia para construír o seu futuro no concerto das nacións soberanas.

Pondo en valor, especialmente, a secular tradición histórica fundamentada na defensa da Galiza como suxeito político diferenciado.

O pobo galego ten dereito a destecer a ocultación, a manipulación e a desmemoria -fomentadas por terceiros-, para que o pasado, coas súas luces e sombras, sen mitificacións, sirva de base para construír unha sociedade libre, xusta e solidaria.

CARTA DE DEREITOS DO POVO GALEGO

Dereito a relacións internacionais propias

O pobo galego ten dereito a defender os seus lexítimos intereses e aspiracións diante de terceiros.

O pobo galego ten dereito a establecer relacións pacíficas e mutuamente beneficiosas con todos os pobos do mundo.

O pobo galego ten dereito a vivir en paz, a non ser agredido por outros pobos e a non ser utilizado por terceiros para agresións ou inxerencias noutros pobos.

O pobo galego ten dereito a ser plenamente recoñecido como tal no concerto das nacións e a participar, en igualdade de voz e voto, nos traballos e decisións de todos os organismos internacionais representativos das diferentes vontades soberanas.

O pobo galego ten dereito a traballar pola consecución dun mundo baseado na soberanía dos pobos, desde o internacionalismo que supón a fraternidade, a solidariedade, a paz, a cooperación e o respecto mutuo como principios básicos das súas relacións.

Galiza, 18 de novembro de 2018

[Centenario da Asamblea Nazionalista de Lugo]

www.viagalega.gal

colabora



**Deputación
DA CORUÑA**